

**CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ESTADÍAS DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR VISITANTE NO INSTITUTO DA LINGUA GALEGA PARA O ANO 2026**  
**Resolución definitiva de asignación de axudas**

O Instituto da Lingua Galega (ILG) da Universidade de Santiago de Compostela convocou o 24 de febreiro de 2026 axudas para estadías no ILG de persoal docente e investigador visitante de fóra de Galicia. Rematado o prazo de presentación de alegacións á resolución provisional de asignación de axudas, o reitorado desta universidade resolve publicar na súa SEDE ELECTRÓNICA a relación definitiva das axudas concedidas, así como a lista de agarda correspondente.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito ata que non se dite a resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Relación definitiva de axudas concedidas**

<i>Nome e apelidos</i>	<i>Universidade</i>
Leticia-Tian Zhang	Beijing Foreign Studies University
Manuel Delicado Cantero	Australian National University

**Lista de agarda**

<i>Nome e apelidos</i>	<i>Universidade</i>
Anik Nandi	Woxsen University
Hellen Cristina da Silva	Universidade Federal do Pampa
Facundo Reyna-Muniain	Christian-Albrechts-Universität zu Kiel

A Reitora  
Rosa Crujeiras Casais

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ROSA MARIA CRUJEIRAS CASAIS,  
REITORA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 05/05/2026 15:37:13.

**CSV:** F092-1D47-460C-BC7E